

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE OUTUBRO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLE.-

LIC/1006/2017.- AMPLIABLE, S. L.- Conceder licenza para reforma de proxecto básico de adaptación á normativa vixente de edificio B+2P e 4 vivendas, local, garaxe e rochos na rúa Agra do Vieiro nº 22.

LIC/1870/2016.- LAURA MARÍA GONZÁLEZ DOPESO-PORTELA E ANXO PEREZ ROMARIZ.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a rehabilitación e ampliación de fondo edificable de vivenda unifamiliar sita na rúa do Olvido nº 13.

LIC/1835/2011.- URBIGAL, S. L.- Conceder a modificación da licenza concedida pola Xunta Goberno Local do 10/10/2011 para a construción de edificio de 3 sotos para garaxe, planta baixa de uso comercial, 5 plantas de piso para 74 vivendas e baixo cuberta para rochos, no bloque 2 do Polígono 4 do Plan Parcial de Fontiñas (parcela R4 do Proxecto de Compensación) rúa Berlín nº 9 e 11.

LAP/69/2017.- PLATAFORMAS ELEVADORAS GRÚAS TRANSPORTES Y SERVICIOS NORTE, S. L.- Conceder licenza de obras de construción de nave para almacén de plataformas e transportes na rúa Murcia, 14.

LIC/331/2017.- GALIVIVIENDA SOCIEDAD COOPERATIVA.- Conceder licenza para a construción de 12 vivendas, garaxes e rochos na parcela BB1, en SUNP 11- rúa Federica Montseny (de), 2-4.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para reforma de proxecto básico de adaptación á normativa vixente de edificio B+2P e 4 vivendas, local, garaxe e rochos na rúa Agra do Vieiro nº 22. LIC/1006/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e concesión de licenza para a rehabilitación e ampliación de fondo edificable de vivenda unifamiliar sita na rúa do Olvido nº 13. LIC/1870/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión da modificación da licenza concedida pola Xunta Goberno Local do 10/10/2011 para a construción de edificio de 3 sotos para garaxe, planta baixa de uso comercial, 5 plantas de piso para 74 vivendas e baixo cuberta para rochos, no bloque 2 do Polígono 4 do Plan Parcial de Fontiñas (parcela R4 do Proxecto de Compensación) rúa Berlín nº 9 e 11. LIC/1835/2011. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras de construción de nave para almacén de plataformas e transportes na rúa Murcia, 14. LAP/69/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a construción de 12 vivendas, garaxes e rochos na parcela BB1, en SUNP 11- rúa Federica Montseny (de), 2-4. LIC/331/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á recepción da rede de evacuación de augas residuais da estación de bombeiro na urbanización do SUNP-25 (ROXOS). Apróbase a proposta

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato de "obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque empresarial da Sionlla". Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa VIPECA Obras y Servicios SL por un importe de 306.057,4 euros (IVE incluído) ao ser a súa a oferta máis vantaxosa as presentadas. A empresa compromete unha ampliación de cinco anos do prazo de garantía mínimo e unha mellora do 1% no orzamento de control de calidade e xestión de residuos.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á transmisión da licenza de taxi número 34, da titularidade de D. José Souto Otero, a favor de D. Pedro Fernández Fernández. Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa á adxudicación do contrato de "obras de reforma do pavillón municipal de Apóstolo Santiago". Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa VIPECA Obras y Servicios SL por un importe de 207.777,57 euros (IVE incluído)

11.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á recepción da "execución das obras do Proxecto de modernización das instalacións do alumeadado público en: Busto, Figueiras, A Gracia e outras (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS))." Apróbase a proposta.

12.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á aprobación do Plan de control tributario 2018. Apróbase a proposta.

13.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación das normas de funcionamento do órgano de participación, seguimento e avaliación da EDUSI de Santiago de Compostela. Apróbase a creación do Órgano e as normas que rexen o seu funcionamento interior.

14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á selección da operación "Actuación nas rúas Patio de Madres e Castrón D'Ouro, para tramitar a súa aprobación perante o Ministerio de Facenda. Acórdase seleccionar a operación "Actuación nas rúas Patio de Madres e Castrón Douro" a efectos de que sexa tramitada a súa aprobación ante a Autoridade de Xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible.

15.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza constituída para responder do contrato do servizo de organización da celebración da "Festa dos Maiores 2016". Apróbase a proposta.

16.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición contra o acordo de 12.5.17, de concesión de bonificación no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.

17.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición contra o acordo de 12.5.17, de denegación dunha bonificación no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

18.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á rectificación do acordo de 2.6.17, de concesión dunha exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.

19.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación dunha bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras. Apróbase a proposta.

20.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha bonificación na taxa pola realización da rodaxe cinematográfica na cidade. Apróbase a proposta.

21.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación dunha bonificación no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta.

22.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de diversas exencións nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

24 a 71.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

72.- Dar conta pola concelleira delegada de Xuventude da concesión da subvención para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante 2017. Dase conta da concesión dunha subvención por importe de 5.826,68 euros para as actividades formativas do Centro Xove de Creación Cultural e a campaña Tamén é Machismo.

73.- Dar conta pola concelleira delegada de concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde da aprobación do pagamento da subvención para a convocatoria do programa de desenvolvemento de servizos sociais en 2016. Dase conta.

74.- Dar conta pola Alcaldía da corrección de erro material no punto 27 letra B) da sesión de 29.9.17. Dase conta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión dunha bonificación no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

2.-Proposta da alcaldía sobre nomeamento da directora da área de Réxime Interior do Concello de Santiago. Acórdase nomear a Silvia Aramburo Vázquez como directora da área de Réxime Interior do Concello de Santiago, por ser a súa candidatura a máis idónea das presentadas.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de rexeneración do pavimento da calzada do eixo das rúas Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 585.936,92 euros, IVE incluído. O prazo de execución é de seis meses.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de adecuación dunha parcela municipal para aparcadoiro público en superficie na avenida de Ferrol. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 109.994,75 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de tres meses.

5.-Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta

6.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao inicio dun expediente por incumprimento de contrato nas obras da Fase I de Vista Alegre. Acórdase iniciar un expediente por incumprimento de contrato dando audiencia ao contratista Eulogio Viñal Obras y Construcciones por un prazo de quince días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan polo

atraso acumulado na execución dos traballos da Fase I de Vista Alegre. Acórdase tamén o inicio dos trámites para a extensión formal da acta de recepción, momento no que se concretarán os días de atraso efectivo.

7.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao inicio dun expediente por incumprimento de contrato nas obras da Fase II de Vista Alegre. Acórdase iniciar un expediente por incumprimento de contrato dando audiencia ao contratista Eulogio Viñal Obras y Construcciones por un prazo de quince días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan polo atraso acumulado na execución dos traballos da Fase II de Vista Alegre. Acórdase tamén o inicio dos trámites para a extensión formal da acta de recepción, momento no que se concretarán os días de atraso efectivo.

8.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial e definitiva de subvencións para axudas á rehabilitación de inmobles nas áreas de Vista Alegre (Fase 7), Cidade Histórica (Fase 14) e Pontepedriña (Fase 4). Apróbase a proposta